

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Á MESA DO PARLAMENTO

O grupo parlamentario **Grupo Común da Esquerda**, a iniciativa da deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do dispostos no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á proposición non de lei do Grupo Mixto 57649 (10/PNC-004589)**, sobre actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de prevención e tratamento da obesidade e dos trastornos da alimentación.

EMENDA DE ADICIÓN:

Débase engadir un novo punto co seguinte texto:

- Elaborar, en colaboración coa FEGAMP, un plan con orzamento suficiente para abordar a situación de problemas nutricionais na infancia e na adolescencia.

Santiago de Compostela, a 14 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Eva Solla Fernández.

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Manuel Lago Peñas.

Voceiro do G. P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Grupo Parlamentar

Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584

gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2020 13:55:42
Nº Rexistro: 61532
Data envío: 14/01/2020 13:55:42.503

Eva Solla Fernández na data 14/01/2020 13:54:22

José Manuel Lago Peñas na data 14/01/2020 13:54:34

Grupo Parlamentar

Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584

gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

CSV: REXISTROUnW9gRxj9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

O **Grupo Parlamentario Mixto** a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa as seguintes **emendas de engádega á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia** núm. **59252 (10/PNC-004727)** incluída na orde do día da devandita Comisión que se celebrará o día 16 de xaneiro de 2020.

Emenda número 1 de engádega.

Débase engadir un novo punto co seguinte texto:

“- Dirixirse ao Goberno do Estado para impulsar un plan de elevación e equiparación dos permisos de maternidade e paternidade ata un ano, co compromiso de elevar, canto antes, o permiso de maternidade até as 26 semanas.”

Emenda número 2 de engádega.

Débase engadir un novo punto co seguinte texto:

“- Instar á Xunta a deseñar, no prazo máximo de 6 meses, un plan para o despregamento dunha rede pública de educación infantil 0-3 anos, de xeito que a primeira fase se plasme nos Orzamentos da Xunta de 2021, buscando acadar a universalización do ensino infantil 0-3 anos a finais de 2022.”

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2020.



Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. Mixto
Luís Villares Naveira,
Voceiro do G.P. Mixto

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 15/01/2020 12:19:56

Luis Villares Naveira na data 15/01/2020 12:20:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar Popular de Galicia con número de rexistro **59252 (10/PNC-004727)**, sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central da súa colaboración económica para garantirles a gratuidade da educación infantil no tramo de idade de 0 a 3 anos a todas as familias galegas, que figura na orde do día da Comisión 5ª, prevista para o vindeiro 16 de xaneiro.

Emenda de substitución

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Considerar o tramo de 0-3 anos como etapa de educación infantil, e integrala no ámbito da consellaría competente en materia de educación.

2.- Poñer en marcha un plan de construción de Escolas Infantís para poder ofertar o número de prazas públicas e gratuítas de escolas infantís, que cubra de xeito equitativo, a demanda existente en todo o territorio galego, para favorecer a conciliación da vida familiar e laboral das nais e dos pais dende un punto de vista educativo e non asistencial

3.- Dirixirse ao Goberno español demandando a negociación dun novo modelo de financiamento baseado no concerto económico e bilateralidade co Estado, que





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

garanta que Galiza teña plena capacidade normativa, de xestión e responsabilidade fiscal sobre todos os impostos soportados no noso país de xeito que teñamos capacidade para decidir como os investimos, para poder desenvolver políticas sociais, de desenvolvemento económico autocentrado e de blindaxe de servizos públicos universais e de calidade.”

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 15/01/2020 12:12:52

Ana Pontón Mondelo na data 15/01/2020 12:12:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galiza con número de rexistro **60087 (10/PNC-004803)**, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa asistencia sanitaria en atención primaria que se está a prestar no concello da Guarda e a solicitude de xuntanza co conselleiro de Sanidade formulada polos representantes municipais dos concellos do Baixo Miño afectados, que figura na orde do día da Comisión 5ª, prevista para o vindeiro 16 de xaneiro.

Emenda de adición

Engadir 2 novos puntos, co seguinte texto:

“3.- Dotar ao Ccentro de saúde de A Guarda de servizo de RX.

4.- Dotar a comarca do Baixo Miño con servizo de ambulancia SVA (Servizo Vital Avanzado).”

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 15/01/2020 12:07:48

Ana Pontón Mondelo na data 15/01/2020 12:08:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego con número de rexistro **15655 (10/PNC-001349)**, sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun plan de atención ás persoas en listas de espera para unha avaliación, así como para a materialización das axudas recoñecidas ao abeiro da Lei de dependencia, que figura na orde do día da Comisión 5ª, prevista para o vindeiro 16 de xaneiro.

Emenda de adición

Engadir un novo punto co seguinte texto:

“Non manter prazas baldeiras nas residencias de maiores da Xunta de Galiza, nomeadamente na Residencia Pública de Porta do Camiño en Santiago de Compostela, en tanto existan persoas demandantes en listas de espera.”

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 15/01/2020 12:04:05

Ana Pontón Mondelo na data 15/01/2020 12:04:10



Á MESA DO PARLAMENTO

O grupo parlamentario **Grupo Común da Esquerda**, a iniciativa da deputada **Paula Quinteiro Araújo**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda de substitución á proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia 59252 (10/PNC-004727)**

EMENDA DE SUBSTITUCIÓN:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Levar adiante todas as medidas precisas, incrementando as partidas correspondentes nos orzamentos, para garantir a gratuidade da educación infantil de 0 a 3 anos a todas as familias galegas na rede pública.
2. Establecer os prazos precisos para a implantación desta medida canto antes, contando, se fora necesario, coa solicitude ao goberno do estado a colaboración para completar a financiación.

Santiago de Compostela, a 15 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo.

Manolo Lago Peñas.

Deputada e voceiro do G. P. Grupo Común da Esquerda.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2020 13:53:11
Nº Rexistro: 61615
Data envío: 15/01/2020 13:53:11.977

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 15/01/2020 13:51:47

José Manuel Lago Peñas na data 15/01/2020 13:52:00



Á Mesa da Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da deputada **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir que o Centro de atención a persoas con diversidade funcional de Ourense sexa público, de xestión pública e que funcione no 2020, así como solucionar a falla de prazas mentres o centro non estea aberto (10/PNC-004278, doc. núm. 53690)

Emenda de adición

Débense engadir un novo punto na parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

“3 bis. Impulsar e celebrar de maneira urxente unha reunión conxunta das administracións implicadas no proxecto, Xunta de Galicia e Concello de Ourense, con representantes da Plataforma PROCAP, co obxectivo de clarificar as datas de posta en marcha do centro, e así como o tipo de xestión.”

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2020

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz adxunto do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 61624
Data envío: 15/01/2020 15:57:54.296

Noela Blanco Rodríguez na data 15/01/2020 15:56:47

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/01/2020 15:56:59

CSV: REXISTROf14Lh8Zz5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa da Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central da súa colaboración económica para garantirles a gratuidade da educación infantil no tramo de idade de 0 a 3 anos a todas as familias galegas (10/PNC-004727, doc. núm. 59252)

Emenda de modificación

Débense substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

“A) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a colaborar co Goberno de España na elaboración e posta en marcha dun plan para a universalización da educación infantil de 0 a 3 anos, avanzando paulatinamente cara a gratuidade nesta etapa escolar, que en todo caso comezará e priorizará ás familias de contornas sociais, económicas e culturais máis vulnerables; co obxectivo de que no horizonte do ano 2025, un 50% dos menores de tres anos estean atendidos en centros escolares que pertencen a unha rede de recursos pública e gratuíta.

B) O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a, durante a X lexislatura, e garantindo en todo caso as condicións de accesibilidade universal, e a axeitada planificación no territorio:

1. Incrementar o número de prazas públicas en escolas infantís ata niveis en que se elimine a lista de espera en centros públicos, e non sexa preciso incrementar os concertos con entidades privadas.
2. Garantir a partir do curso 2020-2021, que durante a época de vacacións escolares se cubrirá o total da demanda existente de prazas en escolas infantís públicas.
3. Diminuír os prezos das escolas infantís públicas, garantindo a gratuidade do prezo por praza, así como dos servizos de comedor e das horas precisas a maiores de atención aos nenos e nenas, a lo menos para todas familias con ingresos inferiores aos 15.000 euros anuais.



4. Elaborar, en consenso cos concellos e axentes sociais, un plan de escolas infantís públicas de 0 a 3 anos en polígonos industriais e parques empresariais, así como na proximidade das grandes empresas.
5. Elaborar, en consenso cos concellos e axentes sociais, un plan de escolas infantís na contorna dos centros de traballo da Xunta de Galicia, accesible para todo o persoal que desenvolva a súa xornada laboral en centros dependentes da Xunta de Galicia.”

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2020

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz adxunto do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 15/01/2020 15:57:13

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/01/2020 15:57:22



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa da deputada Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (**10/PNC-004278**) (**53690**) sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir que o Centro de atención a persoas con diversidade funcional de Ourense sexa público, de xestión pública e que funcione no 2020, así como solucionar a falla de prazas mentres o centro non estea aberto

Emenda de modificación

Débase substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

1. Garantizar que o futuro Centro de Atención ás Persoas con Discapacidade de Ourense sexa público.
2. Comprometerse firmemente para que a construción do CAPD de Ourense comence no ano 2020, tal e como se trasladou ás familias.
3. Adoptar de maneira urxente todas as medidas precisas para solventar, mentres o Centro de Atención a Persoas con Diversidade Funcional de Ourense non estea a pleno rendemento, a falla de prazas públicas para persoas con discapacidade en Ourense

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2020



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 15/01/2020 17:26:31

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 15/01/2020 17:27:04



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa da deputada Marta Rodríguez Arias, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego **(10/PNC-001349)(15655)** sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun plan de atención ás persoas en listas de espera para una avaliación, así como para a materialización das axudas recoñecidas ao abeiro da Lei de dependencia.

Emenda de modificación

Débase substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar incrementando o número de persoas dependentes atendidas, así como a instar ao Goberno central a que se comprometa coa Lei de dependencia e incremente a súa cota de financiamento destes fondos ata a contorna do 50 %.”

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 15/01/2020 17:23:54



Marta Rodriguez Arias na data 15/01/2020 17:24:33

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa do deputado Aurelio Núñez Centeno, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista galego (**10/PNC-004734**)(**59335**) sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa decisión de suspender as gardas de pediatría e o servizo de paritorio no Hospital Comarcal de Verín

Emenda de Substitución:

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1- Que as decisións organizativas que se adopten respecto á prestación dos servizos sanitarios teñan como prioridade a súa prestación desde a proximidade garantindo a seguridade e a mais alta calidade posible na prestación deses servizos de acordo cos criterios profesionais, técnicos e das sociedades científicas avaliados con carácter xeral pola comunidade científica.

2- Manter o seu compromiso coa asistencia sanitaria aos veciños e veciñas de Verín e á súa contorna garantindo a proximidade, a seguridade e a calidade de xeito que se recupere a actividade do paridoiro cando de acordo cos principios sinalados no punto anterior (nomeadamente a dispoñibilidade de pediatras) se garantan as condicións de seguridade no parto para as nais e na atención aos neonatos.

3- Impulsar o Plan de Futuro do Hospital de Verín mellorando ou incluíndo na súa carteira de servizos novas prestacións, tales como Hospitalización a



Domicilio (HADO), Programa de saúde da muller, cribado da cérvix ou novo servizo de urxencias.

4- Demandar do Ministerio de Sanidade:

- a) Que coordine coas Comunidades Autónomas a oferta de todas as prazas acreditadas de MIR de Pediatría.
- b) Que permita e regule a formación dos residentes con períodos de rotación en hospitais comarcais.
- c) Que modifique o Real Decreto que regula a vinculación laboral do persoal en formación para permitir a formalización de contratos estables en prazas de difícil cobertura ao rematar o seu período de formación.

Asemade, o Parlamento de Galicia amosa o seu recoñecemento a todos os profesionais da sanidade pública, e en particular aos que desenvolven o seu traballo no ámbito rural tratando de dispensar a mellor atención a todos e todas as pacientes con independencia do seu lugar de residencia.”

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 15/01/2020 17:25:18

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2020 17:59:19
Nº Rexistro: 61674
Data envío: 15/01/2020 17:59:19.812

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 15/01/2020 17:25:51

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRO8ZHzaBYpg7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa do deputado Aurelio Núñez Centeno, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda **(10/PNC-004709)(59145)** sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos riscos que supón para a saúde humana a presenza de amianto nas edificacións e infraestructuras

Emenda de modificación

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Elaborar un programa autonómico para a retirada do Amianto, ao abeiro do plan de actividades do ISSGA 2020 mediante a creación dun equipo técnico cualificado das distintas consellerías implicadas para analizar o estado de situación na nosa comunidade e propoñer as actuacións necesarias para levalo a cabo.
- Solicitar ao Goberno de España a elaboración dun programa nacional para a erradicación do amianto que facilite o financiamento destas actuacións, en consonancia cos obxectivos establecidos pola Unión Europea aos Estados membros”.

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2020





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2020 18:20:08
Nº Rexistro: 61680**

Data envío: 15/01/2020 18:20:08.585

Asinado dixitalmente por:

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 15/01/2020 18:17:55

Pedro Puy Fraga na data 15/01/2020 18:19:09

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTROW4181IKQR5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

